



pès de l'án



Ver vídeo presentación aquí



PESDELÁN

Na Punta do Pé

Na punta do pé é o título do primeiro traballo de **Pesdelán**. Un libro-CD-DVD que anima a aprender cancións, bailes e xogos do patrimonio tradicional galego e portugués dun xeito divertido e participativo.

Unha proposta didáctica dirixida por Mercedes Prieto e Montse Rivera coa produción musical de Pedro Pascual e colaboracións como Guadi Galego ou Celina Piedade.

O traballo publicado en Galicia e Portugal (Pezinhos de lã) pola editorial **Kalandraka**, conta ademáis coas ilustracións de **João Vaz de Carvalho**, un dos debuxantes máis relevantes do actual panorama artístico en Portugal.

Biografía

O grupo Pesdelán xurde no 2008 da unión de reputados músicos, bailadores e mestres de coñecidas formacións musicais de Galicia e Portugal (Leilía, Susana Seivane Grupo, Xochilmica, Montelunai, Pula-Ile-o-pe, etc.). O seu repertorio abrangue temas tradicionais galegos e portugueses arranxados de xeito orixinal e divertido.

Sorprende nas festas do Apóstolo de Santiago de Compostela no 2008 facendo participar a centos de persoas, no Festival dos Abrazos da mesma cidade, en Barcelona, Quart de Poblet (Valencia), Festival San Froilanciño (Lugo)...

É moito máis que un grupo de música: mediante a música en vivo e o ensino de bailes e xogos sinxelos, pretende recuperar o espírito participativo das festas. Unha proposta novidosa e atrevida cunha dobre finalidade : substituír o concepto de público espectador polo de público participante, e como non, pasalo ben.

Pèsdelán somos:

Uxía Cribeiro (voz e percusións) • **Montse Rivera** (voz e ensino de danzas) • **Mercedes Prieto** (voz e ensino de danzas) • **Xan Pampín** (acordeón) • **Carlos Freire** (percusión) • **Miguel Flores** (guitarra) • **Amando Bottardi** (baixo)



merlo branco producións
urbanización as camelias 6, 3º c
15883 teo (a coruña)
tel / fax 981 807 642 / 615 400 050
www.merlobranco.com | productions@merlobranco.com

E tamén...
LEILÍA | TRÍO VAAMONDE LAMAS & ROMERO | MAMÁ CABRA | PÈSDELÁN | CANTATA VERNÁCULA | TRIBEMOL | PABLO DÍAZ | PRADAIRO | RUOTE....